



ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE E A FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA, PARA A REALIZACIÓN DO PROGRAMA DE PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO DA SÚA MODALIDADE DEPORTIVA PARA O ANO 2017

Santiago de Compostela, 24 de xullo de 2017

REUNIDOS

Marta Míguez Telle, secretaria xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, en uso das competencias desconcentradas nos secretarios xerais dependentes da Presidencia, en virtude da disposición adicional segunda do Decreto 88/2013, de 30 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia

Javier Nogueira Díz, presidente da Federación Galega de Caza, en nome e representación da mesma, en exercicio das facultades atribuídas ao efecto polos seus estatutos federativos.

Ambas partes recoñécense con capacidade para formalizar a addenda ao convenio de colaboración suscrito con data 24 de abril de 2017 para a realización do programa de promoción e desenvolvemento da súa modalidade deportiva para o ano 2017 e a estes efectos,

EXPOÑEN

Coa finalidade de atender a promoción e fomento do deporte federado da súa modalidade na Comunidade autónoma galega, a Secretaría Xeral para o Deporte asinou, con data 24 de abril de 2017 un convenio de colaboración coa Federación Galega de Caza por importe total de vinte e seis mil novecentos catro euros e noventa céntimos (**26.904,90 €**) coa seguinte distribución por programa:

PROGRAMAS		IMPORTE
1.	Gastos xerais de funcionamento (máximo 25%)	6.726,23 €
2.	Campionatos Galegos	12.178,67 €
3.	Tecnificación	
4.	Rendemento	8.000,00 €
5.	Alto Rendemento	
6.	Tokio 2020	





7.	Fomento do deporte Feminino	
8.	Fomento e integración de deportistas con discapacidade	
9.	Fomento do deporte en maiores de 40 anos	
10.	Proxectos de especial relevancia (PER) (Contía fixa)	0,00 €
11.	Outras actividades de promoción e fomento da modalidade, con especial interese nas actividades en idade escolar (incluír arbitrxes Xogade)	
TOTAL		26.904,90 €

A Federación Galega de Caza, na xuntanza mantida coa Secretaría Xeral para o Deporte o día 27 de abril de 2017, informa da celebración en Galicia do Campionato de España de Percorridos de Caza que se vai celebrar en Galicia nas instalacións da SD Río Sar, entre os días 20 e 23 de xullo.

Con base ao anterior as partes acordan a seguinte

CLÁUSULA

Primeira.- Acórdase modificar o cadro de financiamento que figura no convenio como Ficha I, incorporando como Proxecto de Especial Relevancia o Campionato de España de percorridos de Caza, que queda do seguinte xeito:

PROGRAMAS		IMPORTE
1.	Gastos xerais de funcionamento (máximo 25%)	6.726,23 €
2.	Campionatos Galegos	12.178,67 €
3.	Tecnificación	
4.	Rendemento	8.000,00 €
5.	Alto Rendemento	
6.	Tokio 2020	
7.	Fomento do deporte Feminino	
8.	Fomento e integración de deportistas con discapacidade	
9.	Fomento do deporte en maiores de 40 anos	
10.	Proxectos de especial relevancia (PER) <i>Campionato de España de Percorridos de Caza</i>	1.500,00 €
11.	Outras actividades de promoción e fomento da modalidade, con especial interese nas actividades en idade escolar (incluír arbitrxes Xogade)	
TOTAL		28.404,90 €



[Handwritten signature]



Polo tanto o importe total do convenio ascende a vinte e oito mil catrocentos catro euros e noventa céntimos (28.404,90€).

En proba de conformidade as partes que interveñen asinan a presente addenda no lugar e data arriba indicados.

A secretaria xeral para o Deporte

O presidente da Federación Galega de Caza



Marta Míguez Telle



Javier Nogueira Díz